



Tertulias literarias

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA xaneiro – marzo 2019

B

Volver a casa, de Yaa Gyasi



Fillas dunha mesma nai e de pais pertencentes a dúas etnias distintas, Effia e Esi nunca chegarán a coñecerse. Así, mentres Effia é obrigada a casar cun gobernador inglés e a residir nunha fortaleza, Esi é capturada e enviada como escrava ao sur de Estados Unidos.

Entrega: 9 xaneiro

Comentario: 23 xaneiro

La chica del tren, de Paula Hawkins



Rachel toma sempre o tren das 8:04 h. Cada mañá o mesmo... e a mesma parada no sinal vermello. Son só uns segundos, pero permítenlle observar a unha parella almorzando tranquilamente na súa terraza. Invéntase uns nomes para eles: Jess e Jason. A súa vida é perfecta, non como a súa. Pero un día ve algo...

Entrega: 23 xaneiro

Comentario: 6 febreiro

No voy a pedirle a nadie que me crea, de J. P. Villalobos



Todo empeza cun primo que xa de mozo apuntaba maneiras de estafador, e que agora mete ao protagonista nunha lea monumental: un «negocio de alto nivel» que converte a súa estancia na cidade nunha especie de novela negra de humor tamén negro, unha desas que a el lle gustaría escribir.

Entrega: 6 febreiro

Comentario: 20 febreiro

Circe ou o pracer do azul, de Begoña Caamaño



Unha muller leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando comeza a temer a probable morte do marido, recibe a carta dunha estraña, unha muller misteriosa que a informa de que o seu home non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas.

Entrega: 20 febreiro

Comentario: 6 marzo

Astrid y Veronika, de Linda Olsson



Tras unha perda recente, Veronika, unha escritora, instálase nunha casa no interior de Suecia. Alí o seu único contacto co mundo é Astrid, unha muller taciturna que habita a única casa dos arredores. En aparencia, as dúas mulleres teñen pouco en común. Con todo, a partir dunha circunstancia imprevista, ambas inician unha fráxil relación que vai creando entre elas un espazo de intimidade.

Entrega: 6 marzo

Comentario: 20 marzo

Vestido de novia, de Pierre Lemaitre



Sophie Duguet non entende o que lle sucede: perde obxectos, esquece situacións, é detida nun supermercado por pequenos roubos que non lembra cometer. E os cadáveres comezan a acumularse ao seu redor...

Entrega: 20 marzo

Comentario: 3 abril